



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A COMPRA DE REGALOS DE NADAL 2020

1. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é regular a concesión de subvencións, en concorrencia competitiva, de pago único anual ás familias con menor nivel de recursos económicos, e que cumpran os requisitos de acceso ás axudas aquí establecidas para a adquisición dos regalos de Nadal para os/as seus fillos e fillas, que estando en convivencia cos/cas solicitantes, non teñan 13 anos cumpridos o 6 de xaneiro de 2021.

2. BENEFICIARIOS/AS E REQUISITOS

Para ser beneficiario/a destas axudas é preciso cumprir o seguintes requisitos:

1. Estar empadroadada/o no Concello de Mugardos e ter á súa custodia fillos ou fillas menores de 13 anos (non ter cumpridos 13 anos o día 6/01/2021, para os/as que se solicitará a axuda.)
2. Que a renda per cápita familiar non supere o 80% do IPREM.
3. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

3. CONCEPTOS SUBVENCIONABEIS

Coas subvencións cubriranse os gastos derivados da adquisición de regalos para o Nadal 2020, tales como, xoguetes, xogos educativos, libros, e/ou material necesario para práctica dalgunha das actividades culturais e deportivas (por exemplo, patíns, equipamento para natación, instrumento musical, etc.), que se correspondan coa idade do/a menor ao que vai dirixida a axuda e nos termos establecidos nas presentes bases.

4. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- a) As solicitudes para a concesión destas axudas formalizaranse no impreso normalizado que se inclúe como Anexo I. Poderán obterse nas oficinas de servizos sociais e presentaranse no Rexistro Municipal do Concello de Mugardos.
- b) Xunto coa solicitude, no modelo normalizado e debidamente cuberto, presentarase a seguinte documentación:
 - fotocopia do DNI da persoa solicitante (pai, nai ou titor/a).
 - Fotocopia do libro de familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar.
 - Informe de convivencia.
 - Fotocopia da declaración da renda correspondente ao **exercicio 2019** dos proxenitores ou titores/as legais. No caso de non estar obrigado/a a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación ou certificado acreditativo do nivel de rendas emitido pola Axencia de Administración Tributaria que corresponda só en casos excepcionais e xustificados poderán autorizar a o Concello de Mugardos á consulta deses datos segundo modelo autorizado asinado por tódolos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos. Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto na base 7ª para a determinación dos membros da unidade familiar.
 - Declaración responsable de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias fronte a Seguridade Social, Axencia Tributaria e Concello de Mugardos e de non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, e autorización ao concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas durante todo o período que dure o proceso, segundo Anexo II.



Concello de Mugardos (A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

- O concello poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera momento, aclaración da documentación presentada, e calquera outra necesaria para a valoración da solicitude. As unidades familiares que teñan entregado documentación no departamento de servizos sociais para outra xestión, que conste no seu expediente e que sexa válida, poderán quedar eximidas da presentación desta documentación sempre que na solicitude especifiquen o expediente e o ano no que aportaron a mesma.

5. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

A solicitude presentarase no rexistro xeral do Concello de Mugardos, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 30 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de solicitude será do 1 de outubro de 2020 ao 10 de outubro de 2020, ámbolos dous inclusive.

6. Contía das axudas

O Concello de Mugardos concederá os vales ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases, nos seguintes importes por familia segundo os/as menores de 13 anos que a compoñan:

Número de nenos/as na unidade familiar menores de 13 anos	Importe da axuda para a familia
1	50 €
2	100 €
3	150 €
4	160 €
5	200 €
6	240 €

7. Valoración das solicitudes

Na valoración das solicitudes teranse en conta a renda per cápita familiar da declaración do IRPF de 2019.

A renda per cápita familiar englobará os ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos polo número de membros computables.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- Os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou persoa encargada da garda e protección do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade, con excepción dos/as emancipados/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados/as xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as solteiros/as menores de vinte e cinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que comeza o curso escolar para o que se solicita a bolsa sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano 2019.
- Cando non exista vínculo matrimonial a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os/s fillos/as dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos do apartado anterior.



Concello de Mugardos (A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante da axuda. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. En casos excepcionais, e sempre que exista información ao respecto nos servizos sociais comunitarios, esta situación poderase acreditar mediante informe técnico.
- No caso de familias monoparentais, e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o párrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Considerase familia monoparental aquel “núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento” (artigo 13 da Lei 3/2011). Para os efectos da consideración da monoparentabilidade, e sempre que a filla ou fillo teña sido recoñecido por ambos prexenitores, no caso de non existir acordo xudicial algún no referido ao outorgamento da garda e custodia así como a atribución de pensión de alimentos a favor da/do menor estimarase como xustificación suficiente a declaración xurada do/da proxenitor/a responsable legal solicitante, sen prexuízo de que a administración poida efectuar maiores comprobacións valéndose dos medios legalmente establecidos.
- A renda per cápita mensual enténdese como o resultado de dividir polo número de persoas que compoñen a unidade familiar o cociente resultante de dividir por doce a suma da base imponible do aforro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Excepcionalmente, se a unidade familiar alega unha diminución dun 20% ou mais dos seus ingresos durante máis de catro meses consecutivos e se mantivesen na data de inicio do prazo de solicitudes fronte aos ingresos declarados na declaración do IRPF 2019, poderán achegar esta documentación xustificativa da dita circunstancia para que se teña en conta na valoración.

Nos casos de separación ou divorcio estarase ao previsto nestas bases para a determinación dos membros da unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impoñibles a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarlles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

8. Importe máximo e crédito orzamentario

O importe total para axudas de regalos de Nadal prevese en total en 3.500,00 €, que se imputará ao crédito do exercicio 2020, na aplicación orzamentaria 231.48000.

Poderáanse otorgar subvencións por contía superior á recollida no parágrafo anterior sempre que se produza un incremento dos créditos conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9. Órganos competentes.

9.1 Órganos de instrución e resolución.

A instrución do procedemento corresponde á Concellería de Benestar Social. A resolución do procedemento corresponde á Alcaldía.

A comisión avaliadora das solicitudes e documentación estará formada por:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

Presidente/a: O/A concelleiro/a de Benestar.

Secretario/a: O da corporación ou persoal en quen delegue (con voz e sen voto).

Vogais: Un/ha técnico/a de servizos sociais comunitarios, e a interventora municipal ou persoal en quen delegue.

9.2 Do procedemento de concesión das axudas

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas serán valoradas pola comisión avaliadora conforme aos criterios establecidos na base 7ª. Posteriormente publicarase no taboleiro de edictos do Concello unha lista provisional e abrirase un prazo de 5 días para subsanación de documentación. Transcorrido este prazo a Comisión emitirá unha proposta definitiva e de seguido será aprobada pola Alcaldía.

Notificaráselle a cada solicitante a concesión ou, se fora o caso, a denegación da súa solicitude e a causa desta. Ademais informaráselle do procedemento a seguir para obter a axuda (vale, listado de establecementos conveniados, etc.)

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución sobre a concesión da subvención non poderá exceder de tres meses.

10. Procedemento para canxear o vale para a adquisición de regalos.

Concederase un vale persoal e intransferible para canxear no establecemento correspondente, tal e como se indica nos parágrafos seguintes.

Unha vez que a persoa solicitante estea en posesión do vale, poderá adquirir os regalos no correspondente establecemento, á súa libre escolla e polo importe máximo que figura no documento. Se o importe dos regalos adquiridos é inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido para o efecto a contía exacta da venda; se o importe fora superior ao valor do vale, a diferenza será aboada polo/a solicitante. O Concello non asume máis que o importe consignado no vale.

O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción do regalo.

O solicitante nunca deberá asinar e entregar o vale antes da recepción do material comprado.

A sinatura do vale e a súa entrega implica a súa conformidade cos produtos entregados, así como, se fora o caso, co importe indicado polo establecemento no recadro establecido para tal efecto. Unha vez entregados os regalos de Nadal, o establecemento quedará en posesión do correspondente vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe total de cada vale só pode ser utilizado nun único establecemento.

A persoa beneficiaria do vale terá un prazo ata o 20 novembro de 2020 para a súa presentación e canxe no establecemento correspondente.

A admisión por parte dos establecementos dos vales presentados implica a aceptación das condicións das presentes bases.

11. Presentación das facturas e tramitación dos vales por parte dos establecementos

1. Co obxecto de axilizar a tramitación, antes da presentación das facturas, os establecementos en que se vendan os xoguets ou análogos deberán rexistrar os seus datos, enviando o anexo III debidamente cuberto en todas as súas epígrafes, ao enderezo que figura no seu pé, ata o 13 de outubro (incluído).



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

Para a acreditación dos datos de identidade os titulares dos establecementos poderán prestar o seu consentimento para a comprobación por medio de acceso telemático ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e para tal fin marcar o recadro correspondente do anexo III ou, en caso contrario, terán que presentar copia do correspondente documento.

2. Os establecementos dirixirán as facturas ao Concello de Mugardos. Estas deberán estar emitidas ao CIF do Concello: P1505200D, Avda de Galicia 45, CP 15620.Mugardos.

3. En cada factura deberán figurar, polo menos, os seguintes datos:

- O CIF, NIF ou NIE do establecemento.
- Nome do titular do establecemento (empresa / apelidos e nome).
- Os datos do establecemento (denominación comercial, enderezo completo, concello e provincia).
- A data da factura.
- O número de factura.
- O importe total dos vales facturados.
- O tipo ou tipos impositivos aplicables ás operacións (base impositible e IVE do total da factura desagregado).

4. Os vales deben ir grampados coa factura na mesma orde en que se relacionaron.

Os vales deben ser orixinais e ter as sinaturas da alcaldesa, do responsable do establecemento e da persoa solicitante. Non se aceptan vales fotocopiados nin os que carezan dalgunha das sinaturas indicadas.

O importe da factura debe coincidir coa suma dos importes dos vales que leve grampados (debe terse en conta que nalgún caso o importe gastado pode ser inferior ao total do vale).

A factura deberá ir desglosada e os produtos mercados ben especificados en canto ao concepto de forma que se poida comprobar inequivocamente que axuda foi destinada ao concepto polo que foi concedida.

Para os efectos da tramitación, cada factura cos seus correspondentes vales configuran unha unidade, de tal xeito que esta non se tramitará cando exista algún problema con calquera dos vales que se xuntan ata que se proceda á súa emenda.

5. O persoal do concello revisará as facturas. Se na factura se observa algún defecto de forma ou se o importe desta non coincide co dos vales que a acompañan non se poderá proceder a tramitación do pagamento, e o concello requirirá o establecemento para que o emenda.

6. O prazo para a presentación das facturas no Concello de Mugardos, por parte dos establecementos será ata o 27 de novembro de 2020.

12. Obrigas dos/las beneficiarios/as

A concesión da axuda comporta as seguintes obrigas:

a) Seguir as directrices que se marcan nas presentes bases e destinar o importe da axuda na súa integridade á adquisición de regalos para o Nadal 2020, tales como, xoguetes, xogos educativos, libros e/ou material necesario para práctica dalgunha das actividades culturais e deportivas (por exemplo, patíns, equipamento para natación, instrumento musical, etc.)

b) Cooperar co Concello de Mugardos en cantas actividades de inspección e verificación leven a cabo, para asegurar o correcto destino da axuda.

c) As establecidas para os beneficiarios no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

d) Comunicar inmediatamente as modificacións que se produzan nas circunstancias obxectivas e subxectivas tidas en conta para a concesión da axuda, especialmente a obtención de ingresos ou axudas para a mesma finalidade e polos mesmos conceptos.

13. Compatibilidade das axudas

As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos materiais subvencionados.

14. Documentación para a xustificación.

A xustificación da subvención farase coa presentación no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos da factura emitida polo establecemento colaborador xunto co vale para canxear, axústandose ao disposto na Base 11ª.

A documentación relativa a xustificación da subvención remitirase á Intervención municipal para a súa fiscalización, previo informe do/a Técnica de servizos sociais comunitarios.

15. Prazo para a xustificación

O prazo para presentar no Rexistro Xeral do Concello a documentación xustificativa rematará o 27 de novembro de 2020 (inclusive).

De non presentar a xustificación no prazo establecido, entenderase que o/a desiste da súa petición, o que será aceptado polo órgano competente que declarará concluído o procedemento.

16. Reintegro da axuda.

Procederá o reintegro da axuda, total ou parcialmente, polo incumplimento de calquera das obrigas que incumben ao beneficiario, segundo os artigos 36 e seguintes da Lei Xeral de Subvencións.

17. Publicación da convocatoria e da concesión das subvencións

A presente convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, por conducto da BDNS con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios/as, cantidade concedida e finalidade da subvención.

Será tamén obxecto de publicidade no Taboleiro de Edictos do Concello, na web municipal <http://www.concellodemugardos.gal>.

Disposición adicional primeira

As persoas beneficiarias encóntranse suxeitas ao réxime de infraccións e sancións que en materia de subvencións establece o título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional Segunda

Esta convocatoria ríxese pola Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Mugardos BOP nº de 183 de 25.09.2013.

Disposición adicional Terceira

Contra a resolución de outorgamento das subvencións, que pon fin á vía administrativa, poderá vde. interpoñer potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, segundo establecen os artigos 123.1 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso

Avda. de Galicia, 45. Tfnos. 981470338-981470290-981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificado resolución expresa, entenderase desestimado por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou no prazo de seis meses contados dende o día seguinte ó de aquel en que se produza o acto presunto.

Non obstante, poderá impugnar directamente o acto que se lle notifica ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo (artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro). A tal efecto poderá vde. interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, ante o Xulgado de Contencioso Administrativo de Ferrol.

Así mesmo, poderá vde. utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.

Disposición derradeira

Concederanse as presentes axudas ata o límite orzamentario previsto na aplicación orzamentaria destinada para tal fin no Orzamento Xeral do Concello de Mugardos para o ano 2020. De verse superada esta contía na valoración das solicitudes, priorizarase a concesión de axudas ás unidades familiares que obteñan rendas per cápitas máis baixas, e de persistir o empate o maior número de membros na unidade familiar.

Anexo I: Modelo de solicitude de de axudas ás familias para a compra de regalos de Nadal 2020 do Concello de Mugardos.

Anexo II: Declaracións responsables.

Anexo III: Aceptación da participación como entidade colaboradora na xestión das axudas

Anexo IV: Declaración responsable sobre percepción de axudas

Mugardos, 20 de xullo de 2020



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aproboase por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

Anexo I: Modelo de solicitude de axudas ás familias para a compra de regalos de Nadal do Concello de Mugardos 2020.

A) DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome do/da solicitante e DNI
Enderezo completo
Teléfono
Correo electrónico:

B) DATOS FAMILIARES:

Nome e apelidos da/do menor	Data de nacemento

C) DOCUMENTACIÓN ACHEGADA COA SOLICITUDE

- ☐ Fotocopia do DNI do solicitante (pai, nai ou titor/a)*
- ☐ Fotocopia do libro de familia no que figuren tódolos membros da unidade familiar.*
- ☐ Declaración responsable segundo o anexo II e IV.
- ☐ Informe de convivencia* (Non será preciso volver a achegalo sempre que xa se presentara noutra convocatoria de servizos sociais, especifique o ano e o expediente de presentación e autorizara expresamente á comprobación de oficio polo persoal do Concello de Mugardos (vixencia de 6 meses) na solicitude de certificacións e volantes de empadramento)
- ☐ Fotocopia da declaración da renda correspondente ao **exercicio 2019**, dos proxenitores ou titores/as legais; ou autorización ao Concello de Mugardos á consulta deses datos (previa solicitude do impreso no departamento de servizos sociais), asinado por tódolos integrantes da unidade familiar maiores de 18 anos.*
- ☐ Outra documentación: _____

☐ **NOTA:** A presentación dos documentos indicados co asterisco son opcionais no caso de telos presentado para outro expediente no departamento de servizos sociais comunitarios. Deberá indicar o expediente e o ano de presentación:
.....

Mugardos, ____ de ____ de 2020

Sinatura do/a pai, nai titor/a

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@CONCELLODEMUGARDOS.GAL.
1.—FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.
O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.
2.—PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.
3.— LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.
4.- DESTINATARIOS DE CEDIÓN: O Concello de Mugardos poderá ceder os seus datos de carácter persoal a outras administracións.
5.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.
O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

Avda. de Galicia, 45. Tfños. 981470338-981470290-981471701 Fax. 981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

Anexo II: Declaración responsable. (Convocatoria Axudas ás familias para a compra de regalos de Nadal, 2020)

Nome e apelidos _____,
con NIF/pasaporte _____, pai, nai, titor/a dos/as menores:

1.
2.
3.
4.
5.

DECLARO:

- 1.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, Axencia Tributaria e Concello de Mugardos
- 2.- Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3.- Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- 4.- Ter cumprido o obxecto da subvención e destinala á finalidade para a que se concedeu.

AUTORIZO ao Concello de Mugardos para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas.

Mugardos, ____ de _____ de 2020

Sinatura do/a pai, nai titor/a

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@CONCELLODEMUGARDOS.GAL.

1.—FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos poderá ceder os seus datos de carácter persoal a outras administracións.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.



O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

Anexo III: Aceptación da participación como entidade colaboradora na xestión das axudas de regalos de Nadal 2020

A) DATOS DO ESTABELECIMENTO

Nome (Denominación do Establecemento)	
Enderezo completo	
Teléfono	
NIF	
Correo electrónico	
Titular (Apelidos e nome, empresa)	

B) DECLARACIÓN DE TITULARIDADE DA CONTA BANCARIA

O/A abaixo asinante declara, baixo a súa responsabilidade e para os efectos da percepción dos pagos, que a conta bancaria que a seguir se indica ten o mesmo titular que o establecemento

C) COMPROBACIÓN DOS DATOS DE IDENTIDADE

[illegible]

Mugardos, _____ de _____ de 2020

Sinatura do titular do estabelecimento

**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MUGARDOS (A
CORUÑA)**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@CONCELLODEMUGARDOS.GAL.

1.—FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude.

FRAZO DE CONSERVACION: Os datos facilitados consérvanse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2 - **LEXITIMACIÓN:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos poderá ceder os seus datos de carácter persoal a outras administracións

4.- DEBIDOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou

4.- DEREITOS: ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como oponerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os

O Concello de Mugardos dispoñe de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre

acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade

acompanhados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Concello de Mugardos
(A Coruña)

O presente documento aprobouse por resolución da Alcaldía de data 27/07/2020. Asinado polo secretario acctal. (nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020 de 15.07.2020) o día indicado no panel de sinatura.

Anexo IV: Declaración responsable sobre percepción de axudas ás familias para a compra de regalos de Nadal 2020.

Nome e apelidos _____, con DNI _____ declaro de forma responsable os seguintes extremos:

☐ NON ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo concepto.

☐ Ter solicitadas e/ou concedidas outras axudas para o mesmo concepto (especifique cales no seguinte cadro).

Tipo de axuda	Organismo que a concede	Contía concedida en euros

Mugardos, o ____ de _____ de 2020

Sinatura:

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@CONCELLODEMUGARDOS.GAL.

1.—FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos poderá ceder os seus datos de carácter persoal a outras administracións.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4